




RÍO NAU


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 4 km (circular)

Dificultade: baixa

Duración: 2 horas



Unha pequena ruta que segue o curso do río Nau ou Mau dentro do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. O río Nau nace nos montes de Santa Eufemia e baixa ao Limia no encoro do Lindoso. No seu curso hai numerosos rápidos e pequenos saltos rodeados dunha ben conservada vexetación de ribeira. Hai nove muíños, a maioría restaurados e algúns acollen unha interesante poboación de morcegos.

COMO CHEGAR

Desde a estrada N-540 que vai cara á fronteira da Madalena collemos un desvío á esquerda en dirección a Ludeiros e chegamos ata a casa da Escusalla desde onde comeza a ruta. Baixase ao río e séguese o seu curso pola marxe esquerda ata chegar ao último muíño restaurado desde onde voltamos ao punto de partida por outro sendeiro. Tamén se pode facer ida e volta pola beira do río.

